

Bases de inscrición para a actividade “Obradoiro de Escrita Creativa 2019 *As liña no espello*”

1. LUGAR E HORARIOS

- Auditorio de Rianxo, aula grande, 5, 19 e 26 de outubro. 2, 9, 16, 23 e 30 de novembro. 7 e 14 de decembro de 2019

2. PRAZAS OFERTADAS:

- 20 (de non cubrirse un mínimo de 8 asistentes suspenderase o obradoiro)
- Maiores de 15 anos

3. INSCRICIÓNS

As persoas que desexan participar neste actividade realizarán a inscrición na páxina web concelloderianxo.gal, no espazo especificamente destinado para este efecto.

- Inscrición en liña en www.concelloderianxo.gal
- O prazo para presentar as solicitudes rematará o xoves 26 de setembro ás 14:00.

4. SELECCIÓN

- Terán preferencia aquelas persoas que non tiveran participado na 1ª edición deste mesmo obradoiro.
- As prazas asignaranse por orde de solicitude.

5. LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS

O listado definitivo de admitidos publicarase o 27 de setembro na páxina web do Concello de Rianxo www.concelloderianxo.gal, e serán avisados por correo electrónico.

Para estes efectos, a presentación da solicitude implica a autorización da publicación dos datos persoais do solicitante.



6. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais da inscrición pasarán a formar parte dun ficheiro electrónico propiedade do Concello de Rianxo coa única finalidade de proceder á inscrición na actividade para a que se proporcionan os datos. En ningún caso estes datos serán cedidos a terceiros nin utilizados con outra finalidade. Garántense os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante comunicación por calquera medio legal, no Rexistro Xeral do Concello: Praza Castelao 1, 15920 Rianxo.